

ESCOITAR O MUNDO

REAL FILHARMONÍA
DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

Xoves 25 maio 2023

Auditorio de Galicia, 20:30 h

NOVOS HORIZONTES

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Jordi Francés, director

Sala Mozart 19:45 h

Conversando con... Jordi Francés



PROGRAMA

I

GYÖRGY LIGETI (1923-2006)

Concerto Romanés

Andantino

Allegro vivace

Adagio ma non troppo

Molto vivace-Presto

DMITRY SHOSTAKOVICH (1906-1975)

Sinfonía de cámara, op. 110a

Largo

Allegro molto

Allegretto

Largo

Largo

II

ROBERT SCHUMANN (1810-1856)

Sinfonía núm. 4 en re menor, op. 120 (versión 1851)

Ziemlich langsam - Lebhaft


Romanze: Siemlich langsam

Scherzo: Lebhaft

Langsam - Lebhaft

Duración aproximada do concerto: 85 minutos (con pausa)

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxo, etc.



REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde xaneiro de 2023, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora invitada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

Director

Jordi Francés

VIOLÍNS I

James Dahlgren
(concertino)
Adriana Winkler (axuda de
concertino)
Anca Smeu **
Michal Ryczel
Claudio Guridi
Anna Alexandrova
Daniel Kordubaylo
Victoria Jurov
Ilya Fisher
Yulia Petrushevskaya

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Kiyoko Ohashi
Enrique Roca
Helena Sengelow
Gyula Vadaszi
Samira Ajkic
Elina Viksne

VIOLAS

Tilmann Kircher *
Natalia Madison **
Oxana Bakulina
Timur Sadykov
Anne Schlossmacher
Ionela Ciobotaru
Iriana Fernández

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Millán Abeledo **
Carlos García
Thomas Piel
Manuel Lorenzo

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Amador del Pozo (R)

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Paula Padín (R)

ÓBOES

Esther Viúdez *
Roger Solé (R)

CLARINETES

Vicente López *
Miguel Peñarroja ***

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **

TROMPAS

Alfredo Varela *
Xavier Ramón **
Jordi Ortega *
Millán Molina (R)

TROMBÓNS

Iago Ríos (R)
Juan Luis Novo (R)
Marcos Dorado (R)

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llátser **

TIMBAL

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

Sergio Sanchís (R)

* principal | ** copincipal | *** EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

JORDI FRANCÉS

DIRECTOR

Jordi Francés desenvolve unha interesante actividade caracterizada por unha mirada ampla sobre o feito artístico. Como director convive entre a ópera, o repertorio sinfónico e a creación actual. Entre os seus máis recentes compromisos figuran invitacións de: Orquesta Nacional de España, Orquesta de la Comunidad de Madrid, Orquesta de Valencia, Sinfónica de Bilbao e numerosos proxectos co Ensemble Sonido Extremo, do que é director artístico.

Dirixiu tamén a Filharmónica da BBC, Orquesta de RTVE, Ensemble Intercontemporain, a Orquesta do Festival da Academia de Lucerna, e outros moitos conxuntos en Europa e América. Nos últimos anos colaborou de maneira habitual coa Joven Orquesta Nacional de España, Orquesta de Extremadura e a Joven Orquesta de la Comunidad de Madrid coa que realizou tamén proxectos de ópera e teatro musical.

Moi interesado tamén na creación contemporánea, levou a cabo as estreas mundiais de máis de 80 obras e traballou con compositores como: Birtwistle, Eötvös, Haas, Manoury, Sotelo, López-López, Hurel, Sánchez-Verdú, Camarero, Torres, Río-Pareja, Magrané, García-Tomás, Rueda, entre moitos outros.

O seu achegamento ao mundo da ópera prodúcese en gran medida da man de Josep Pons, ao que asistiu desde 2015 no Gran Teatre do Liceu en títulos como *Götterdämmerung*, *Elektra*, *Tristán e Isolda* ou *Katia Kabanová*, e de David Afkham, ao que asiste de forma habitual na Orquesta Nacional de España, e con quen colaborou en 2017 na produción de *Bomarzo* de Ginastera no Teatro Real, teatro onde debutou como director en 2016 con *Brundibar*. Traballou tamén na Ópera Estatal Búlgara dirixindo *Madama Butterfly*, e na súa axenda aparecen importantes compromisos líricos en próximas tempadas como a estrea absoluta

de *Tránsito*, ópera de Jesús Torres con texto de Max Aub.

Durante a última década, Jordi Francés desenvolveu tamén un interesante enfoque pedagóxico para traballar con novos músicos que estimula o pensamento crítico e promove as reflexións sobre interpretación desde unha perspectiva crítica, fomentando unha mirada renovada cara á tradición e a historia. Entre estes proxectos atopamos ballet, ópera, teatro musical, programas sinfónicos, proxectos de música contemporánea, música de nova creación, etc. Baixo este prisma, Jordi traballou con algunhas das institucións musicais educativas máis importantes do país como: a Joven Orquesta Nacional de España, a Joven Orquesta de la Comunidad de Madrid, a Escuela Superior de Música de Cataluña, a Joven Orquesta Nacional de Cataluña, a Joven Orquesta de la Generalitat Valenciana, etc.

Como musicólogo, a súa actividade sitúase tamén en

diferentes ámbitos: a investigación sobre programación de institucións musicais públicas, proxectos de edición crítica de partituras esquecidas, a asesoría artística de institucións e a co-dirección do Seminario *Cara a Novos Horizontes de Escoita* organizado pola Facultade de Humanidades, Comunicación e Documentación da Universidade Carlos III de Madrid.

É titulado pola Hogeschool Zuyd de Maastricht (Países Baixos), posgraduado en dirección de repertorio contemporáneo no “Conservatorio della Svizzera Italiana” de Suíza e Máster de Musicoloxía pola Universidade da Rioxa. A súa amplísima formación como director inclúe tamén estancias en institucións como a Escola de Música de Manhattan, a Academia Internacional Järvi de Estonia, a Fundación Eötvös de Budapest ou o IRCAM en París con profesores como Kurt Masur, Paavo Järvi e Peter Eötvös.

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

No século XX, os países sometidos a réximes totalitarios converteron as disciplinas artísticas en aparatos de propaganda do Estado para fixar o sistema de valores imposto. Exemplos da inxerencia política na liberdade creativa son György Ligeti e Dmitri Shostakóvich. Ligeti foi perseguido polo réxime nazi, dado que pertencía a unha familia xudía de orixe húngara, perdendo ao seu pai e o seu irmán en campos de concentración aos que el sobreviviu e Shostakóvich tivo que afrontar a insistente vixilancia das autoridades soviéticas. György Ligeti comezou estudos de composición simultaneamente no Conservatorio de Kolozsvár e en Budapest (1941-1943) e malia todo, puido retomalos ao finalizar a Segunda Guerra Mundial, na Academia de Budapest na que se graduou en 1949. Nos anos seguintes, investigou o acervo tradicional

romanés no Instituto Folclórico de Bucarest seguindo aos pioneiros Bartók e Kodály. Cando estoupa a revolución húngara de 1956, meses antes da represión soviética, Ligeti emigra a Austria e establece estreita relación con artistas da vangarda musical europea como Boulez, Stockhausen, Eimert ou Maderna. O compositor foi quen de experimentar con técnicas e linguaxes musicais, desde a adhesión a elementos propios da música de Bártok pasando polo uso de densas polifonías, masas sonoras complexas e cores tonais cambiantes (micropolifonía) ata interesarse pola polirritmia da percusión africana e atreverse coa música electrónica. Sen adoptar unha “escola” específica e manténdose orixinal, convértese nun dos compositores máis influentes e recoñecidos de finais do século XX, cuxa sona intensificouse pola utilización da súa música —inicialmente

non autorizada— nos filmes de Stanley Kubrick *2001: Unha odisea do espazo*, *O resplandor* e *Eyes Wide Shut*. O *Concerto romanés* (1951) está inspirado no material folclórico gravado en cilindros de cera que Ligeti estudou na súa estancia no Instituto romanés e no seu propio invento “no espírito das bandas das vilas”. Na liña das *Rapsodias romanesas* de Enescu ou das *Danzas folclóricas romanesas* de Bartók, este concerto enalza as sonoridades populares na linguaxe orquestral e está estruturado en catro seccións sen solución de continuidade que conforman dous grandes bloques musicais. Estes, á súa vez, reproducen a característica forma en dúas seccións das danzas húngaras denominadas *czárdás*: o lírico e lento *lassú* seguido do rápido *friss*. O primeiro bloque está conformado polos dous primeiros movementos: un *Andantino* de discurso

sereno e nostáxico de peculiar desenvolvemento rítmico que reproduce a liña melódica dunha balada pastoral de Belinț e dunha panxoliña e un *Allegro vivace* que propón unha danza rápida cuxa sonoridade deliberadamente campestre vén determinada pola caixa e o piccolo. O segundo bloque está integrado por un elaborado e bartokiano *Adagio* e un *Molto vivace*; o primeiro evoca o *bucium*, trompa alpina característica dos Cárpatos transilvanos mentres a corda xera unha textura etérea que continúa durante o só do corno. O movemento final, alegre e dinámico, desenvolve unha danza desenfreada liderada polo concertino alternada con sucesións vertixinosas de ventos e cordas. O *Concerto romanés* non puido superar a censura das autoridades stalinistas que

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23


dominaban Romanía naquel momento e non foi estreada ata 1971 en Estados Unidos.

Shostakóvich foi o primeiro compositor ruso de reputación internacional produto da cultura musical da Unión Soviética, nunha época na que escribir unha sinfonía podía chegar a ser un tema de Estado. A súa carreira abaleou entre o enxalzamento e a dura crítica oficial e a prohibición das súas obras por parte das autoridades, circunstancias que se reflicten nas tensións sonoras das súas pezas máis íntimas, como o *Cuarteto núm. 8 en do menor, op. 110* no que asoma unha extraordinaria carga emotiva. A composición deste cuarteto data do verán de 1960, cando a encarga da música para o filme *Cinco días, cinco noites*, levou ao compositor a Dresde, cidade devastada en 1945 nun dos episodios máis sangrentos do final da guerra. Alí, en tres

días Shostakóvich compuxo a partitura na que escribiu “En memoria das vítimas do fascismo e a guerra”. A versión oficial indica que tanta destrución provocou no compositor unha gran resposta emocional, lembrando o asedio de Leningrado; sen embargo, na peza cita a súa propia música e insiste no seu lema persoal, o motivo DSCH, o que para moitos expertos significa que o cuarteto é puramente autobiográfico e manifestaría o seu sufrimento, a condena dun artista soviético ortodoxo do fascismo, a súa repulsa contra o estado soviético, ou a protesta contra o totalitarismo de calquera signo aínda que ese mesmo ano, posiblemente obrigado polo goberno, Shostakóvich converteuse en membro do Partido Comunista e Secretario da Unión de Compositores da República Socialista Federativa Soviética Rusa. Dada a popularidade do

cuarteto, o violista e director Rudolf Barshái, alumno e amigo do compositor orquestrouno baixo o título *Sinfonía de cámara, op. 110^a*, en cinco movementos que se interpretan sen interrupción. Comeza introducindo fugazmente a súa sinatura de catro notas para seguir cunha cita en modo lento do principio da *Primeira Sinfonía*; despois dun tema descendente, aparece unha referencia da súa *Sinfonía núm. 5* (obra que o redimiu en 1937 logo de que os ataques oficiais fixeran perigar a súa carreira e a súa vida). Tamén o *Allegro molto*, empeza coas notas DSCH pero neste caso combinadas cun violento tema e no medio do movemento, os violíns protagonizan un tema que vén do *Trío para piano*, unha melodía de orixe xudía da que o propio compositor dixo: “A música folclórica xudía causoume unha impresión moi poderosa... pode parecer feliz mentres é trágica.

Case sempre é a risa a través das bágoas. Esta calidade... achégase as miñas ideas do que debería ser a música [...] Os xudeus foron atormentados tanto tempo que aprenderon a ocultar a súa desesperación que expresan na música de baile.” O primeiro tema do terceiro movemento é un sinistro valse tamén de orixe xudía e os violíns interpretan novamente o motivo DSCH. O segundo tema deste *Allegretto* é outro grotesco valse e na terceira sección fai referencia ao tema principal de marcha do *Primeiro Concerto para violoncello*. O *Largo* empeza con atroces acordes, posiblemente representan os disparos, e o zunido pianísimo do primeiro violín representa os avións distantes, son que se converte nas catro primeiras notas do *dies irae* da misa católica de *requiem* (as notas do DSCH



REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23


en orde diferente), seguidas dun himno funerario ruso *Atormentado polo peso da escravitude, glorificas a morte con honra* e, de novo un tema do Concerto para violoncello transformado ademais dunha melodía dun aria da ópera *Lady Macbeth de Mtsensk*. O último movemento, unha fuga lenta toma o tema DSCH do principio da sinfonía, en forma de fonda reflexión con apesados trazos que levan a un desolador final no que a música esvaécese pausadamente.

En moitas ocasións na historia da música clásica, a numeración das sinfonías pode resultar enganosa; a *Sinfonía núm. 4* é un deses exemplos que, en realidade, é a *Segunda* así designada oficialmente que completou o compositor. A estrea da *Sinfonía núm. 1 'Primavera'*, en marzo de 1841, dirixida por Felix Mendelssohn, fora un éxito sorprendente polo

que un emocionado Schumann rapidamente escribiu a *Abertura, Scherzo e Final* e esta *Sinfonía en re menor* que, interpretada por primeira vez en decembro de 1841, desconcertou ao público dada a súa orixinal estrutura de catro movementos entretrecidos nun argumento dramático continuo. Schumann retirou a sinfonía e, en decembro de 1851 despois de asumir o cargo de director musical en Düsseldorf, decidiu revisar exhaustivamente a inédita partitura e creou unha nova versión da agora coñecida como *Cuarta Sinfonía* estreada en 1853 no Festival da Baixa Renania. A obra presenta unha forma homoxénea creada polos temas e as súas variantes, que van pasando dun a outro movemento, entre os que o autor ideou seccións de enlace, indicando que debían interpretarse sen interrupción, tal e como o describiu o musicólogo francés François-René Tranchefort,

“...encadéanse e os temas circulan a través deles; xa é a posta en marcha do principio cíclico”. Schumann prefería a nova versión, pola nova orquestración, pola estrutura para subliñar a relación das distintas partes suprimindo o coral de metais do inicio do *scherzo* e reformando as transicións do *Lebhaft* do primeiro movemento e o *finale*; nunha carta ao compositor Johannes Verhust, Schumann referíase á partitura revisada como “... mellor e máis efectiva...”. O carácter melancólico aínda que enérxico desta sinfonía xa vén definido na lenta introdución e o tema principal —semellante a un arabesco— é atrevido presentándose como unha figura que se eleva para descender nunha dinámica ondulante que domina o primeiro movemento. A partir do segundo, que empeza cun notable dúo de violoncello e

óboe, cada instrumentista que quere despegar cun só, vese arroupado por outros. O *scherzo* arranca vigoroso, sen deixar entrever nin rastro dos minuetos clásicos salvo na estrutura na que o trío contrasta co brío da sección inicial. A reexposición do *scherzo* recapitula o tema inicial que se vai desfigurando e esvaecendo como tema musical. A masa orquestral móvese triunfante no *finale* e avanza con temas poderosos e alegres para dirixirse a un espléndido remate.



PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 15 xuño 2023

Auditorio de Galicia, 20:00 h

CONCERTO EXTRAORDINARIO BALDUR BRÖNNIMANN

Baldur Brönnimann ofrecerá un concerto extraordinario, o que será o seu primeiro como director titular e artístico da RFG, no cal explicará as claves da nova temporada.



C
Compostela
Cultura

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 462 Zona C

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org
www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura



@rfgalicia
@CCultura



@realfilharmoniadegalicia
@compostelacultura



CONSORCIO DE
SANTIAGO



GOBIERNO
DE ESPAÑA



CONCEITO DE
SANTIAGO



XUNTA
DE GALICIA



AUDITORIO DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA